

---

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN PERMANENTE DA ESCOLA  
TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS  
DA CORUÑA CELEBRADA O LUNS, DÍA 17 DE SETEMBRO DE 2018**

---

De acordo co establecido na Orde do Día, a Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña constitúese en sesión ordinaria ás 12:45 horas do luns día 17 de setembro de 2018 coa seguinte orde do día:

1. Aprobación de Actas
2. Informe do Director
3. Execución do presuposto de 2018
4. Quenda aberta de palabra

**ASISTEN OS SRES:**

**PROFESORES**

Colominas Ezponda	Ignasi
Galán Díaz	Juan José
Herrador Barrios	Manuel F.
Martínez Abella	Fernando
Martínez Lage	M <sup>a</sup> Isabel
París López	José
Pena Mosquera	Luis
Ramírez Palacios	Luis
Samper Calvete	F. Javier

**ESTUDANTES**

Álvarez Espiñeira	Kevin
Benavides Cabezas	Iván
Pazos Taboada	Damián
Vázquez Varela	Miguel Ángel

**PERSONAL ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS**

Cruz Viqueira	M <sup>a</sup> Pilar
---------------	----------------------

**EXCUSAN**

Baldomir García	Aitor
Orro Arcay	Alfonso
Romera Rodríguez	Luis Esteban

Preside a sesión o Dr. Ignasi Colominas, Director da Escola. Actúa como Secretario o Dr. Luis Ramírez

**1. Aprobación de Actas**

Apróbase da acta da sesión ordinaria celebrada o 6 de xuño de 2018.

**2. Informe do Director**

O Director comeza o seu informe falando dun cambio no equipo directivo, o profesor Diego Carro, que se encontra de estancia na Universidade de Chalmers, causa baixa como secretario académico. O Director pide que conste o agradecemento polo seu servizo. No seu lugar incorporouse o profesor Luis Ramírez. Este cambio afecta á composición da Comisión Permanente e polo tanto incorpórase o profesor Javier Samper como membro electo.

Respecto ao PAS, o Administrador do centro, o Sr. Juan Calvo segue de baixa laboral. Por este motivo a Sra. Carmen Cartamil e o Sr. Rubén Romero encárganse, respectivamente, da Administración Académica e de Asuntos Económicos. O Director pide que conste o agradecemento a Carmen Cartamil e Rubén Romero polo seu esforzo no período vacacional para poñerse ao día.

Respecto á situación do profesorado, o Director informa que causaron baixa 4 profesores asociados, 3 na área de Matemática Aplicada e 1 na área de Enxeñaría Hidráulica. Estes despidos producíronse pese a oposición da Escola e dos departamentos afectados. O Director informa que a docencia impártese con normalidade a pesar das baixas.

No que respecta á Acreditación do MECCP, a ACSUG remitiu o informe final onde a valoración global é satisfactoria.

Respecto o Selo de calidade EUR-ACE dos Graos da Escola non hai novidades, espérase recibir o informe provisional a finais de setembro ou comezos de outubro.

Respecto á titulación de máster en enxeñaría aeronáutica: non hai novidades. Tódalas reunións foron por iniciativa da Escola. O Director falará coa Vicerrectora de Organización Académica para que estableza as seguintes reunións.

A docencia impártese con normalidade a pesar das baixas de profesores. O Director continua o seu informe cos datos de estudantes de novo ingreso. Non se trata aínda de datos definitivos. Nos graos de GTEC e GEOP teñen, respectivamente, 21 e 19 novos ingresos e no MICCP hai 6 alumnos matriculados. O Director remarca que os prazos de matrícula seguen abertos.

O Director informa da necesidade de renovación dun representante no comité da Fundación en Enxeñaría Civil. Este feito está motivado pola baixa do Sr. Andrés Soage como profesor asociado da Escola. Acórdase nomear un substituto na próxima reunión ordinaria da Xunta de Escola.

Este ano o acto de despedida de promoción será o día 14 de decembro ás 12:00. Convócase ao acto aos 176 estudantes que remataron os estudos no curso 2017/2018.

Á FICG solicitou e obtivo fondos por parte do FECYT para un proxecto de promoción da enxeñería civil. O responsable é o Dr. Diego Carro e espérase a contratación de 4 estudantes da escola.

A Xunta constituíu unha liña de bacharelato de excelencia, os chamados bacharelatos STEM, que teñen unha duración de dous anos. Neles hai unha participación coa universidade en actividades e traballos. En total concedéronse 18 bacharelatos STEM para toda Galicia e en particular dous deles solicitaron colaborar en actividades coa Escola.

### **3. Execución do presuposto de 2018**

O Director presenta o documento de execución de presuposto con data 31 de agosto de 2018, en capítulo 2 hai de presuposto 75.353,45 €(dispoñibles 17.819,69€) e en capítulo 6 hai 36.191,86 € (dispoñibles 18.181,35€). O Director vai detallando o gasto en cada unha das aplicacións e comenta sobre os remanentes neste momento.

### **4. Quenda aberta de palabra**

No hai intervencións.

A sesión da Comisión Permanente finaliza ás 13:15 do 17 de setembro de 2018.

**Vº. Bº.**  
**Ignasi Colominas Ezponda**  
**Director**

**Luis Ramírez Palacios**  
**Secretario Académico**